



PROBA DE ACCESO PARA Ó 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Esta proba non presupón coñecementos musicais.

CONTIDOS

Test rítmico (10 ítems – 40% da nota final): O profesor tocará cun lápiz ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.

Test de entoación (10 ítems – 40% da nota final): O profesor cantará un movemento melódico e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.

Test de psicomotricidade (5 ítems – 20% da nota final): O profesor realizará exercicios con alternancia das dúas mans; exercicios con alternancia de mans e pes; exercicios con percusión corporal e exercicios propios de cada especialidade que o aspirante terá que repetir.

Todos os test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso. Ningún test será eliminatorio.

Os contidos dos test están adaptados ás diferentes idades dos alumnos.

A proba cualificarase de forma global e numérica de 1 a 10 puntos, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

Cualificarase ata un decimal.

NORMAS XERAIS

1º- O alumno/a fará unha preinscrición, seleccionando un só instrumento.

2º- Adxudicación de instrumento:

a) Despois de realizar a proba de aptitude, adxudicaranse as prazas, por especialidade, aos alumnos/as que acadaran de nota media como mínimo un cinco, sempre de maior a menor puntuación. É dicir, cada alumno/a colocarse por orde de puntuación na especialidade elixida. En caso de que dous alumnos obteñan a mesma puntuación, terá preferencia o alumno de menor idade.

b) Se quedase algunha praza por cubrir nunha especialidade instrumental na que se esgotase ou non existira lista de espera, ofrecerase por rigoroso orde de puntuación independentemente da especialidade solicitada en primeira instancia.

d) No caso de que algunha das prazas ofertadas na quenda especial quedase deserta, automaticamente será ofertada na quenda libre.

e) Os alumnos que obtiveran praza deberán formalizar a matrícula para o vindeiro curso 2017-2018 os días 29 e 30 de setembro en horario de 11 a 13h y de 16 a 22h.